



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > Grupo solidario CEIP López Ferreiro- Escola "Apóstolo Santiago" de Chad

Grupo solidario CEIP López Ferreiro- Escola "Apóstolo Santiago" de Chad

Enviado por Anónimo o Mar, 11/12/2019 - 12:53

O nome do noso colexio xa está na Escola "Apóstolo Santiago" de Chad.

O pasado curso fixemos un mercadinho solidario no que colaboraron os alumnos e alumnas do grupo, nais, pais avós... A recadación superou todas as nosas expectativas: 950 €!!!

Tal como tiñamos previsto doamos os cartos ao proxecto dun santiagués, Ismael Piñón, para construír unha escola nunha cidade do país africano.

A primeira fase das aulas de primaria xa estaba rematada grazas á colaboración da delegación de Santiago de "Manos Unidas" polo que a nosa aportación iría para mercar material escolar ou mercar os almorzos do alumnado de infantil durante 6 meses.

O pasado mes de xullo Ismael Piñón estivo en Santiago e explicounos que como a nosa aportación era tan xenerosa, pediu axuda a unha organización española para completala, e construíron unha casiña destinada aos alumnos e alumnas de infantil. ¡Nada máis e nada menos!

Os pais e nais enviaron un agasallo para nós: unha tea estampada por eles mesmos chea de cor e de agradecemento.

Este curso plantexámonos seguir aprendendo sobre solidariedade, igualdade, desenvolvemento e xustiza.

E seguiremos apoiando a escola de Chad que xa é tamén "a nosa escola".



Escola "Apóstolo Santiago" de Chad.



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas